

A fusión de concellos, con  
especial referencia a Galicia

## La fusión de ayuntamientos, con especial referencia a Galicia

The merger of municipalities,  
with special reference to Galicia

47  
Regap

ALEJANDRO DE DIEGO GÓMEZ

Secretario de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional  
Secretario do Concello de Avión - Ourense (Galicia, España)  
diegogomez@avogacia.org

Recibido: 17/11/2014

Regap



MONOGRÁFICO  
A reforma local a debate

**Resumo:** *Falar de fusión de concellos pode e debe facerse desde dous puntos de vista. Por un lado a parte teórica, referida á regulación legal tras a nova redacción do artigo 13 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local coas modificacións introducidas pola Lei 27/2013, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, e aproveitando o feito o ano pasado na única fusión real dos últimos 46 anos en Galicia como foi a de Oza dos Ríos e Cesuras. E por outro lado, desde un punto de vista práctico, aínda que é verdade que máis hipotético que real, no que trato de aplicar a miña proposta xeral a Galicia mediante a formación duns ámbitos territoriais de prestación de servizos públicos, como punto de partida para ir cara a unha fusión que dei en chamar “non traumática” de Concellos.*

**Palabras clave:** *concello, municipio, fusión, administración local, corporación local, racionalización, sostibilidade, planta local, ámbito territorial, servizo público.*

**Resumen:** *Hablar de fusión de Ayuntamientos puede y debe hacerse desde dos puntos de vista. Por un lado la parte teórica, referida a la regulación legal tras la nueva redacción del artículo 13 de la Ley 7/1985, Reguladora de las Bases del Régimen Local con las modificaciones introducidas por la Ley 27/2013, de Racionalización y Sostenibilidad de la Administración Local, y aprovechando lo hecho el año pasado en la única fusión real de los últimos 46 años en Galicia como fue la de Oza dos Ríos y Cesuras. Y por otro lado desde un punto de vista práctico, aunque es verdad que más hipotético que real, en el que trato de aplicar mi propuesta general a Galicia mediante la formación de unos ámbitos territoriales de prestación de servicios públicos, como punto de partida para ir hacia una fusión que he dado en llamar “no traumática” de Ayuntamientos.*

**Palabras clave:** *ayuntamiento, municipio, fusión, administración local, corporación local, racionalización, sostenibilidad, planta local, ámbito territorial, servicio público.*

**Abstract:** *Talking about municipal merger can and should be address from two perspectives. On the theoretical side, based on the legal regulation after new wording of Article 13 of Law 7/1985 Regulating Local System as amended by Law 27/2013, about Rationalization and Sustainability of Local Government and taking Oza dos Rios as Cesuras as*

*an example of the only real municipal merger carried out in Galicia in the past 46 years. On the other hand from a practical point of view, although more hypothetical than real, I try to apply my general proposal to Galicia based on the establishment of territorial areas for the provision of public services that will serve as the starting point for a merger what we have called "Non traumatic" for municipalities.*

**Key words:** *municipality, local councils, city councils, merger, local government, local authority, rationalization, sustainability, territorial scope, public service.*

**Índice:** *1 A fusión de Concellos na Lei de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local. 1.1 Antecedentes. 1.2 A nova regulación das fusións. 1.3 Expediente de fusión de Concellos. 1.4 Novidades. 1.4.1 O Convenio de Fusión. 1.4.2 O Órgano de Goberno do novo Municipio. 1.4.3 Nova maioría para a aprobación das fusións. 1.4.4 A fusión como sanción por incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. 1.5 Breve comparativa con Europa. 1.5.1 Reestruturacións feitas en Europa. 1.5.2 O caso español. 1.6 Reflexión final sobre a fusión de Concellos. 2 Especial referencia a Galicia. 2.1 Galicia, modelo de Concellos fusionados. 2.2 A fusión de Concellos en Galicia. 2.2.1 Introducción. 2.2.2 A proposta do Goberno. 2.2.3 A miña proposta de fusión de Concellos. 2.2.4 Marco legal. 2.2.5 Os ámbitos territoriais para a prestación de servizos en Galicia. 2.2.6 Reaccións aos procesos de fusión de Concellos. 3 Bibliografía.*

## 1 A fusión de Concellos na Lei de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local

Antes de entrar no estudo de calquera proposta sobre fusión de Concellos é necesario coñecer que normativa as regula e que concepción ten delas a lexislación aplicable. De aí que sexa necesario estudar a nova regulación dada tras a redacción do artigo 13 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local introducida pola Lei 27/2013, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local e poñer todo iso en relación coas demais normas directamente aplicables.

Vivimos nun país salpicado de pequenos, nalgúns casos diminutos, Concellos, que son absolutamente incapaces, na súa maior parte, de facer fronte aos servizos básicos que demanda a poboación, e moito menos aos retos de futuro. Ante isto a nova Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local decántase por manter o actual sistema de fusións voluntarias, con algúns cambios normativos, e introducindo medidas incentivadoras.

### 1.1 Antecedentes

Ata a aprobación da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local a nosa lexislación viviu de costas á fusión de Concellos. Mentres os nosos socios europeos acometían a súa reestruturación do sistema local fusionando gran parte dos seus municipios, en España, durante o proceso constituínte, ninguén se lembrou dos Concellos ao regular a nova organización territorial do Estado. E isto veu sucedendo ata os nosos días, pois nin sequera contamos aínda cunha auténtica lexislación sobre financiamento local, non se están tendo en conta nos plans de liquidez, concebidos unicamente para as Comunidades Autónomas (a excepción dos plans de pagamento a provedores) e a lexislación recentemente aprobada pasa por manter a súa estrutura decimonónica.

E é que os números españois son impresionantes: segundo o Rexistro de Entidades Locais do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a día de hoxe existen un total de 8.119 municipios dos que tan só 145 contan con máis de 50.000 habitantes, é dicir esca-

samente un 1,78% do total, mentres que 4.873, o que supón nada menos que o 60%, ten menos de 1.000 habitantes, dos cales 3.787 non chegan a 500 habitantes e destes 1.040 nin sequera a 100. Ao que hai que sumar 3.721 entidades de ámbito territorial inferior ao municipio, 1.024 mancomunidades, 3 entes metropolitanos, 81 comarcas, 38 provincias de réxime común e 3 de réxime foral, así como 11 illas con 4 Consellos Insulares e 7 Cabidos, 1.194 organismos autónomos, 58 entidades públicas empresariais, 1.505 sociedades mercantís, ademais de consorcios, agrupacións, etc., etc. É dicir, estamos ante unha situación absolutamente insostible, sobre todo se temos en conta que o Consello de Europa, no seu estudo elaborado sobre o volume mínimo de poboación dun municipio para que as súas prestacións non sexan gravosas para os seus residentes e para que acaden un nivel óptimo de calidade, considera, en resumo, que:

- A partir de 10.400 habitantes as finanzas municipais poderían estar saneadas. Pois ben, en España só habería 738 Concellos por enriba desa poboación, é dicir, unicamente o 9% dos municipios españois responderían a esa premisa comunitaria. Quizais sexa esta unha das claves, entre outras, da actual situación económica na que se atopan as nosas corporacións locais?, pois 6.825 delas, o 84% do total, nin sequera chegan á metade desa cifra, e delas case 5.000 non chegan nin ao 10% dese umbral poboacional. E aínda así o exercicio de 2013 pechouse, en cifras do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, cunha desviación do obxectivo de déficit en positivo xa que os Concellos tiñan marcado o equilibrio orzamentario e acabaron cun superávit do 0,41%, mentres que as Comunidades Autónomas se desviaron en negativo acadando o 1,54 sobre o 1,30 previsto e o Estado case triplicou esa desviación negativa, xa que supuxo o 4,33 sobre o 3,80 previsto. E non foi casual, xa que ata o primeiro semestre de 2014 o déficit do conxunto dos tres niveis de Administración Pública existentes en España, que ascendía ao 98,9% do PIB, supoñía que o 86,4% correspondía á Administración Central do Estado, o 22,3% ás Comunidades Autónomas e tan só o 4,1% á Administración Local, segundo os datos sobre déficit excesivo facilitados polo Banco de España.
- A partir de 11.600 veciños podería haber unha correcta planificación urbana. Isto lévanos a unha conclusión similar á premisa anterior, pois menos do 8% do total dos Concellos españois cumpren ou superan ese mínimo, de aí que teñamos tamén un déficit en canto á aprobación de plans de urbanismo que regulen o desenvolvemento dos distintos núcleos de poboación, en ocasións absolutamente desordenado por cuestións de proximidade a cidades, grandes núcleos ou lugares estratéxicos, supoñendo con iso, tamén unha falta de recadación municipal por este concepto.
- A partir de 8.200 residentes poderían estar garantidos os servizos sociais. Pois ben, este límite mínimo non o alcanzan 7.241 dos 8.119 Concellos que hai en España, é dicir, máis do 89%, e con estes mimbres queremos ter un Estado do benestar?, pois non podemos esquecer que o 84% dos municipios españois nin sequera chega aos 5.000 habitantes. Aínda que unha vez aprobada a Lei de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, en España os servizos sociais a que se refire o Consello de Europa deixan de estar no ámbito dos Concellos pasando a ser de competencia exclusiva das Comunidades Autónomas a partir da data límite do 31 de decembro de 2015, o cal, ante a situación económica e financeira en que se atopan, a imposibilidade de seguir acumulando déficit e incumprindo o obxectivo marcado e o aprazamento

Regap



MONOGRÁFICO  
A reforma local a debate

sine die do seu novo modelo de financiamento pode facer que asistamos a partir desa data a un panorama pouco esperanzador neste campo dos servizos sociais.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, ata agora, só lle adicaba á fusión de Concellos un escueto apartado 3 do artigo 13, referido á posibilidade de que o Estado, atendendo a criterios xeográficos, sociais, económicos e culturais, puidese establecer medidas tendentes a fomentar a fusión de municipios co fin de mellorar a capacidade de xestión dos asuntos públicos locais, así como a referencia en canto a competencias e quórum para adopción dos acordos dos artigos 22, 47 e 123.

Con algo máis de detalle que a Lei regulábase a fusión de Concellos no Regulamento de Poboación e Demarcación das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1.690/1986, de 11 de xullo, e no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, pero sempre referida a casos de necesidade ou conveniencia económica, administrativa ou de capacidade de xestión de asuntos públicos locais, debendo cumprirse algún dos seguintes requisitos:

- Que os Concellos a fusionarse carecesen de recursos suficientes para atender separadamente os servizos mínimos esixidos pola Lei.
- Que como consecuencia do desenvolvemento urbanístico se confundisen os seus núcleos urbanos.
- Que existisen notorios motivos de necesidade ou conveniencia económica ou administrativa. Na práctica este último aspecto permitiría ampliar o número de posibilidades, sempre que quedasen convenientemente acreditadas no expediente de tramitación.

## 1.2 A nova regulación das fusións

A regulación introducida pola Lei 27/2013, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, acaba con eses supostos establecendo que os municipios limítrofes dentro da mesma provincia e con independencia da súa poboación poderán acordar a súa fusión mediante convenio coa única limitación de que o resultante non poderá segregarse ata transcorridos dez anos. É dicir, xa non se establece condición previa ningunha para que dous ou máis Concellos poidan fusionarse entre si, agás que sexan limítrofes e pertencen á mesma provincia e ademais, fronte ao laconismo anterior, agora a nova regulación recolle unha serie de medidas encamiñadas a fomentar esa fusión entre Concellos. Así ao municipio resultante seralle de aplicación o seguinte:

- a. O coeficiente de ponderación que resulte de aplicación de acordo coa distribución da participación do municipio nos tributos do Estado, regulada no artigo 124.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, incrementarase en 0,10.
- b. O esforzo fiscal e o inverso da capacidade tributaria que lle corresponda en ningún caso poderá ser inferior ao máis elevado dos valores previos que tivesen cada municipio por separado antes da fusión, de acordo co mesmo artigo 124.1 da Lei de Facendas Locais.

- c. O seu financiamento mínimo será a suma dos financiamentos mínimos que tivese cada municipio por separado antes da fusión.
- d. Da aplicación das regras contidas nas letras anteriores non poderá derivarse, para cada exercicio, un importe total superior ao que resulte do disposto no artigo 123 do citado texto refundido da lei Reguladora das Facendas Locais.
- e. Sumaranse os importes das compensacións que, por separado, corresponden aos municipios que se fusionen e que se derivan da reforma do Imposto sobre Actividades Económicas actualizadas nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en cada exercicio respecto a 2004, así como a compensación adicional, regulada na disposición adicional segunda da Lei 22/2005, de 18 de novembro, pola que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas comunitarias, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en cada exercicio respecto a 2006.
- f. Queda dispensado de prestar novos servizos mínimos dos previstos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que lle corresponda por razón do seu aumento poboacional. Ao cal, permítaseme o comentario, non lle vexo sentido ningún. Por unha parte porque non hai límite temporal, que parecería o lóxico, é dicir, está claro que ao novo Concello resultante da fusión non se lle pode pedir que desde o minuto un preste os servizos a que ten obriga polo novo número de habitantes, pero que non os preste nunca non ten sentido ningún, porque entón, para que a fusión?
- g. Durante, polo menos, os cinco primeiros anos desde a adopción do convenio de fusión terá preferencia na asignación de plans de cooperación local, subvencións, convenios uo outros instrumentos baseados na concorrencia. Este prazo poderá prorrogarse pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

O problema que xorde coa regulación establecida sobre fusións é o carácter voluntario das mesmas. Isto non é novidoso, é precisamente o sistema que había vixente en España ata agora, pois ningunha lexislación, nin central nin autonómica, recolleu as fusións obrigatorias, e o fracaso desta medida queda patente no desenvolvemento do noso municipalismo moderno que mesmo fixo que a partir da restauración democrática dos Concellos estes aumenten en lugar de diminuír. De feito seguiron producíndose segregacións cuxos expedientes se iniciaran antes da aprobación da Lei de Racionalización e Sostenedibilidade, asistindo á creación de novos Concellos, mesmo con menos de 1.000 habitantes. Introdúcese, porén, unha diferenza co sistema vixente ata agora que son os incentivos á fusión que quedan reflectidos anteriormente, e que tampouco é algo novidoso no dereito comparado. Así un sistema de fusións voluntarias e incentivadas xa o puxo en marcha Francia en 1971 para intentar reducir os seus máis de 36.000 entes locais, o cal foi un auténtico fracaso do que quizais deberíamos aprender. En calquera caso esta non foi a primeira opción do Goberno, pois inicialmente tiña previstas as fusións ordenadas e obrigatorias dos pequenos Concellos, pero foron as protestas desde as Alcaldías, as presións desde as Federacións de Municipios e o rexeitamento absoluto doutros grupos políticos, fundamentalmente do principal partido da oposición, os que fixeron que este asunto desaparecese dos sucesivos borradores do proxecto de Lei. Mesmo o que foi sometido a informe do Consello de Estado non contiña ningunha regulación específica sobre as fusións de Concellos, que non aparecen, coa re-

regap

MONOGRÁFICO  
A reforma local / a debate

dacción actual, ata o texto aprobado polo Consello de Ministros e remitido definitivamente ao Congreso dos Deputados para a súa tramitación, tendo acabado finalmente en Lei.

### 1.3 O expediente de fusión de Concellos

Non existe unha guía a seguir en materia da tramitación dun expediente de fusión de Concellos. Porén, e sen prexuízo dos requisitos específicos que puidese establecer cada Comunidade Autónoma en base á súa competencia lexislativa ao respecto, seguindo o disposto no Art. 9 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, así como nos arts. 10, 12 e 13 do Regulamento de Poboación e Demarcación das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1.690/1986, de 11 de xullo, todo iso en concordancia co disposto no art. 13 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local coa nova redacción introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, podemos establecer o seguinte esquema básico do expediente de fusión de Concellos:

- O expediente iníciase por acordo dos respectivos Concellos mediante a aprobación do convenio de fusión por maioría simple de cada un dos plenos dos municipios a fusionar, co contido que logo se dirá.
- Os acordos de aprobación dese convenio de fusión someteranse a información pública por prazo non inferior a trinta días.
- Rematado o período de información pública, os Concellos adoptarán novo acordo, coa mesma maioría que no acordo de iniciación, no que se resolverá sobre a procedencia da alteración e, no seu caso, sobre as reclamacións presentadas.
- Se os acordos fosen favorables á fusión elevarase o expediente ao órgano competente da Comunidade Autónoma que, co seu informe, remitirao para ditame ao Consello de Estado ou ao órgano consultivo superior do Consello de Goberno da Comunidade Autónoma, se existise, así como se solicitará informe da Administración que exerza a tutela financeira. Simultaneamente á petición dese ditame darase coñecemento á Administración Xeral do Estado das características e datos principais do expediente sometido ao devandito ditame.
- En todos os expedientes sobre fusión de Concellos a resolución definitiva farase mediante Decreto aprobado polo Consello de Goberno da Comunidade Autónoma correspondente, que en ningún caso poderá supoñer a alteración dos límites provinciais.
- As resolucións definitivas publicaranse no Boletín Oficial do Estado e nos Boletíns Oficiais da Comunidade Autónoma e da provincia respectiva.
- Unha vez executada a resolución, deberá darse traslado á Administración do Estado, aos efectos do Rexistro Estatal de Entidades locais. Pola súa parte, a Dirección Xeral de Administración Local dará coñecemento ao Rexistro Central de Cartografía das inscricións de novas Entidades locais, da cancelación de inscrición por supresión de Entidades locais, así como das modificacións rexistras que sexan consecuencia da alteración de termos municipais unha vez practicadas no devandito Rexistro de Entidades Locais.

Unha vez rematado o proceso de fusión, a Deputación provincial correspondente, en colaboración coa Comunidade Autónoma respectiva, coordinará e supervisará a integración dos servizos resultantes de tal proceso.

## 1.4 Novidades

### 1.4.1 O Convenio de Fusión

Unha das novidades que introduce a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, é a figura do chamado «*convenio de fusión*», que porén non se regula expresamente en ningún artigo. Por iso, da lectura da nova redacción do artigo 13 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia co artigo 14 do Regulamento de Poboación e Demarcación das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1.690/1986, de 11 de xullo, derivase que, fundamentalmente e entre outras cuestións, debería conter as seguintes:

- O nome do novo municipio e a capitalidade do mesmo.
- O plano dos termos municipais que van a fusionarse, con sinalamento, no seu caso, dos novos límites ou liña divisoria do novo municipio. Para iso deberá solicitarse do Instituto Xeográfico Nacional certificación da información contida no Rexistro Central de Cartografía relativa ás liñas límite xurisdiccionais que constitúan o perímetro dos municipios a fusionar.
- Documento no que se fagan constar, no seu caso, os distintos tratamentos urbanísticos segundo os plans vixentes nos ata agora Concellos separados, fórmulas de coordinación dos distintos instrumentos, posibilidades de integración e coordinación das distintas normativas, propostas de solución transitoria e compromiso de elaboración dunhas normas urbanísticas propias do novo municipio.
- Estipulacións xurídicas e económicas que se propoñen, entre as que deberán figurar as fórmulas de administración de bens e xestión de servizos. Deberá incluír unha memoria coas distintas formas de xestión vixentes ata a data, duración pendente dos respectivos contratos, convenios, concesións, etc. e fórmulas ou propostas de inclusión ou modificación deses instrumentos ou, no seu caso, de coordinación entre as distintas figuras que han de convivir ata a extinción da súa vixencia.
- As medidas de redimensionamento dos Concellos fusionados para a adecuación das súas estruturas organizativas, inmobiliarias, de persoal e de recursos resultantes da nova situación.
- O funcionamento, no seu caso, de todos ou algúns dos municipios fusionados como forma de organización desconcentrada, sen personalidade xurídica, para o que haberá de acreditarse que esta opción resulta a máis eficiente de acordo cos principios previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

REGAP



MONOGRÁFICO  
A reforma local a debate

- A forma de liquidar as débedas ou créditos contraídos por cada municipio. A este respecto, e para o caso de que un ou varios estivesen en situación de déficit, debería establecerse a integración das obrigas, bens e dereitos patrimoniais que se consideren liquidables nun fondo sen personalidade xurídica e con contabilidade separada, así como a designación dun liquidador ao que lle correspondería a liquidación do mesmo, o que se levaría a cabo durante os cinco anos seguintes desde a adopción do convenio de fusión sen prexuízo dos posibles dereitos que poidan corresponder aos acredores.
- Documentación sobre a solvencia do novo Concello. Deberá incorporarse ao expediente unha memoria xustificativa na que se constate que a fusión non mengua a solvencia dos municipios a fusionar en prexuízo dos seus acredores.
- Subrogación en dereitos e obrigas. Deberá facerse constar que o novo Concello se subroga en todos os dereitos e obrigas de cada un dos Concellos a fusionarse. Neste sentido, as hipotecas, débedas ou outros créditos contraídos polos antigos municipios serán liquidados polo novo de acordo coa normativa legal vixente.
- Calquera outras cuestións que conveñan aos municipios afectados respecto a obrigas, dereitos e intereses de cada un.

En todo caso o convenio de fusión, como documento integrante do mesmo ou como anexo, deberá incorporar un Informe motivado sobre a necesidade ou conveniencia da fusión. Trataríase da redacción dun documento no que se plasme unha breve historia de cada un dos municipios afectados, a súa traxectoria, evolución demográfica e outros aspectos salientables ata agora en solitario para continuar coas relacións de todo tipo, lazos e vínculos existentes entre todos os chamados á fusión, facendo mención expresa da extensión total da súa nova superficie, núcleos de poboación, etc.

Vista a documentación elaborada para a fusión dos Concellos de Oza dos Ríos e Cesuras (AC) dános unha idea clara do esquema concreto dese informe, que podería ser o seguinte:

1. Consideracións xeográficas e demográficas de cada un dos Concellos a fusionarse:
  - 1.1. Consideracións de orde xeográficas.
  - 1.2. Consideracións de orde demográficas.
    - 1.2.1. Análise poboacional de cada un dos Concellos a fusionarse.
  - 1.3. Novo escenario poboacional.
2. Vantaxes na prestación de servizos:
  - 2.1. Incremento dos ingresos:
    - 2.1.1. Incremento dos ingresos patrimoniais.
    - 2.1.2. Incremento de tributos propios.
    - 2.1.3. Incremento na participación nos tributos do Estado tanto por aumento da poboación como por aplicación das medidas contidas no artigo 13.4 da Lei 27/2013, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local.



- 2.1.4. Incremento, igualmente, na participación da Comunidade Autónoma co-respondente, tanto por aumento da poboación como polas medidas de fomento de fusión que, no seu caso, tivese establecidas.
- 2.1.5. Posible incremento de subvencións.
- 2.1.6. Incremento doutros ingresos.
- 2.2. Racionalización e maior eficacia no gasto:
  - 2.2.1. Incidencia nos gastos de persoal.
  - 2.2.2. Incidencia nos gastos corporativos, de representación e asignacións políticas.
  - 2.2.3. Incidencia sobre os gastos correntes en bens e servizos.
  - 2.2.4. Gastos de capital.
  - 2.2.5. Operacións financeiras e situación global da débeda.
- 2.3. Mantemento dos servizos municipais existentes:
  - 2.3.1. Debe realizarse un estudo de todos e cada un dos servizos que se están a prestar individualmente por cada un dos Concellos e a súa proxección para a súa prestación conxunta unha vez fusionados, todo iso baixo a fórmula prevista no artigo 116 ter. da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local.
  - 2.3.2. Posibilidade de encomenda de asunción da prestación de servizos pola Deputación Provincial correspondente, ao abeiro do establecido no artigo 26.2 da citada Lei 27/2013.
- 2.4. Implementación de novos servizos municipais:
  - 2.4.1. Posibilidade, ou previsión para cando se dean as circunstancias, de solicitar a delegación de competencias á Comunidade Autónoma en favor do novo Concello, así como para a prestación das chamadas competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, no marco da regulación ao efecto contida na Lei 27/2013, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local.
  - 2.4.2. En caso contrario plasmarase o acollemento do novo Concello á prerrogativa contida no artigo 13.4.f) da citada Lei.
- 2.5. Incidencia das medidas específicas de fomento:
  - 2.5.1. Para o suposto de que a Comunidade Autónoma correspondente tivese establecido medidas de fomento ás fusións municipais ou que o Estado desenvolvese o apartado 3 do artigo 13 da Lei 27/2013, indicárase a previsión da incidencia que esas medidas puidesen ter no novo Concello resultante.

Regap



MONOGRÁFICO  
 A reforma local / a debate

- 2.5.2. En todo caso, relación detallada e motivada das necesidades ou carencias en infraestruturas, equipamentos, dotacións, etc. que sexa necesario acometer e para cuxo financiamento se solicite axuda ao Estado, Comunidade Autónoma e/ou Deputación Provincial.

## 2.6. Vantaxes estratéxicas da fusión:

- 2.6.1. Breve descrición das vantaxes que, en definitiva, se poden conseguir coa fusión en comparación coa situación previa de cada Concello por separado.

Ademais, o novo municipio aprobará un novo orzamento para o exercicio seguinte ao da adopción do convenio de fusión.

## 1.4.2 O Órgano de Goberno do novo Municipio

Outra das novidades que se introduce é a composición do órgano de goberno do novo municipio, en cuxa regulación, ao meu xuízo, se peceu de certo temor ás protestas que puidesen vir desde o mundo local, xa que estará constituído pola suma dos concelleiros dos Concellos fusionados. E aínda que está previsto que a devandita composición sexa transitoria o certo é que durará todo o que quede de mandato ata as seguintes eleccións locais. Ata agora o Regulamento de Poboación e Demarcación das Entidades Locais establecía que en caso de fusión de dous ou máis municipios limítrofes cesaban todos os alcaldes e concelleiros, debendo designarse unha Comisión Xestora pola Deputación Provincial ou, no seu caso, polo órgano competente da Comunidade Autónoma, integrada por un número de Vogais Xestores igual ao que correspondese de concelleiros segundo a poboación total resultante do novo municipio. As designacións efectuaríanse entre os concelleiros cesados e en favor dos que obtiveron maiores cocentes nas eleccións municipais, seguindo para iso o sistema D'Hont, segundo o disposto no artigo 180 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, en concordancia co 163,1, o cal parece moito máis razoable que manter a todos os electos. Poñamos por caso que ao principio do mandato dous ou tres Concellos de 2.000 habitantes se fusionan entre si. Coa lexislación que había ata agora nomearíanse aos 11 ou 13 vogais xestores, respectivamente, que obtivesen maiores cocentes nas eleccións nas súas respectivas circunscricións, que parece o lóxico. Pero con esta nova regulación constituiríase un Pleno composto por 22 ou 33 concelleiros, segundo o caso, cando a poboación equivalente para semellante composición sería a de Concellos con máis de 20.000 habitantes e non de ata 6.000 como os deste exemplo. E como digo, se se produce ao principio do mandato manteríase semellante órgano de goberno absolutamente desproporcionado durante toda a lexislatura.

E curiosamente, o que non se regula en parte ningunha é quen será o Alcalde, porque o que é evidente é que non poden ser todos os dos Concellos fusionados, e a elección por un órgano tan desproporcionado pode ter como consecuencia que a súa composición non se corresponda realmente co nivel de representatividade que debería ostentar cada Grupo Municipal, e se se me apura cada concelleiro. É dicir, por culpa desa falta de valentía nesta regulación pódese xerar un problema dunhas dimensións e repercusións moito maiores que se se segue coa actual, moito máis lóxica e que non trae consigo problemas nin de interpretación, nin de aplicación, nin de representatividade.

### 1.4.3 Nova maioría para a aprobación das fusións

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local esixía na súa redacción orixinal a maioría capacitada de dous terzos do número de feito e, en todo caso, da maioría absoluta do número legal de membros das Corporacións afectadas. Isto cambiou con motivo da entrada en vigor da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, rebaixando ese quórum á maioría absoluta do número legal de membros das Corporacións afectadas. E coa aprobación da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local mantense esta maioría para a creación e supresión de municipios e para a alteración de termos municipais, como ata agora, pero excluindo expresamente os acordos sobre fusión de Concellos, que segundo o novo apartado 6 do artigo 13 serán por maioría simple de cada un dos Plenos dos municipios fusionados. É evidente que esta modificación vai na liña de favorecer as fusións de Concellos, aínda que desde a miña perspectiva creo que non vai na dirección correcta. Non porque se rebaixe o quórum vai haber máis fusións cando se trata dun asunto de suficiente calado, transcendencia e importancia como para que se seguise esixindo a maioría absoluta, como se fai para figuras tan afíns como a creación e supresión de municipios ou a alteración de termos municipais. Ou como se dá para supostos como a aprobación da delimitación do termo municipal, a alteración do nome ou a capitalidade do municipio, para os que, se non se trata dunha fusión, se esixe maioría absoluta e se se trata desta, maioría simple, o cal parece algo rebuscado, engoroso e difícil de asimilar xuridicamente, por canto o obxecto e a transcendencia dos acordos é a mesma.

Toda esta regulación das fusións que fai a nova Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local rezuma, ao meu xuízo, bastante descoñecemento da realidade local. Precisamente a maioría simple para a aprobación das fusións, lonxe de fomentalas como pretende pode ser un elemento distorsionador. Unha fusión de Concellos non é nada doado e moitas veces trae consigo procedementos longos, duros e problemáticos. Intentar que por unha maioría simple, e polo tanto case desde a imposición dun grupo, se poidan levar a cabo non é máis que provocar, con toda seguridade, un aluvión de recursos contra a mesma así como abrir feridas na convivencia dos veciños afectados. Unha fusión, desde o meu punto de vista, debe ir precedida dunha negociación e os acordos que se adopten deben ser o colofón dun proceso de consenso ou, como mínimo, dunha maioría capacitada, que faga que se produza dunha forma natural e sen repercutir na devandita convivencia. Por iso creo que o mellor sistema é ir cara unhas fusións programadas, baixo criterios de verdadeira «racionalización» e «sostenibilidade», e polo tanto obrigatorias, co conseguente proceso transitorio que leve consigo a implantación de ámbitos territoriais para a prestación de servizos, de forma que se poidan comprobar os seus efectos antes de que se produzan realmente, facendo que ao final devengan dunha forma natural e polo tanto non se consideren nin impostas nin traumáticas.

### 1.4.4 A fusión como sanción por incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria

Sen prexuízo de todo o exposto anteriormente, e como contraposición a ese carácter de incentiación e voluntariedade das fusións de Concellos, a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, incorpora un novo artigo 116 bis que establece que cando por incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, as corporacións locais incumpridoras

Regap



MONOGRÁFICO  
A reforma local / a debate

formulen o seu plan económico-financeiro farano de conformidade cos requisitos formais que determine o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e adicionalmente ao previsto no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, deberán incluír, entre outras, unha proposta de fusión cun municipio lindeiro da mesma provincia.

É evidente que esta volve ser unha mostra máis do descoñecemento da Administración Local por parte dos redactores desta nova Lei, porque algo tan importante e transcendente como é unha fusión de Concellos non pode incluírse como unha medida por incumprimento dun plan de axuste e ademais dunha forma tan inconexa e sen sentido.

O apartado 2, letra f) do citado artigo 116 bis da nova redacción da Lei de Bases de Réxime Local fala desa proposta de fusión que, loxicamente, terá que ser cun Concello lindeiro da mesma provincia para non contradicir a regulación xeral contida no artigo 13, pero sen concreción ningunha, porque se ese terceiro Concello afectado cumpre perfectamente co obxectivo de estabilidade orzamentaria, por que vai ter que verse inmerso nun proceso de fusión cun Concello incumpridor?, ¿en a posibilidade, dentro da súa autonomía local, de negarse a tal proceso, sobre todo tendo en conta o carácter voluntario establecido pola propia Lei de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local?. Evidentemente si. E no suposto de que ningún Concello limítrofe da mesma provincia estea disposto a fusionarse voluntariamente con ese Concello incumpridor, e polo tanto non poida presentar nin sequera un proxecto de convenio de fusión, que lle vai suceder a este? A solución, desde o meu punto de vista, é tan absurda como a mesma norma, e non será outra que aplicar *literalmente* esta, é dicir: ao Concello incumpridor co obxectivo de estabilidade orzamentaria abondaralle con presentar unha proposta de fusión cun municipio lindeiro da mesma provincia (*este precepto non fala do convenio de fusión*), sen necesidade ningunha de presentar tamén a conformidade ou disconformidade deste nin de levar a cabo ningún trámite máis para a devandita fusión. É dicir, en realidade non se trataría máis que dun paripé. Calquera outra cousa contraviría o carácter voluntario das fusiones establecido no artigo 13 da mesma Lei así como co principio de autonomía municipal do resto de Concellos afectados.

E se o anterior resulta sorprendente, a cousa non remata aquí. A nova disposición adicional décimo sexta, introducida por esta Lei 27/2013, establece que, excepcionalmente, cando o Pleno da Corporación Local non acadara, nunha primeira votación, a maioría necesaria para a adopción de acordos prevista nesa Lei, a Xunta de Goberno Local terá competencia para aprobar, entre outros, os plans económico-financeiros, os plans de reequilibrio e os plans de axuste aos que se refire a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira. É dicir, se en aplicación do artigo 116 bis, apartado 2, letra f), un Concello incumpridor co obxectivo de estabilidade orzamentaria presenta un plan económico-financeiro no que se inclúe unha proposta de fusión cun municipio lindeiro e non obtén o apoio do Pleno da Corporación, en virtude desta disposición adicional poderá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local. Xa non estamos nin sequera ante a discusión de se é atinada ou non a maioría simple introducida pola nova regulación da Lei de Bases de Réxime Local para aprobar un convenio de fusión entre Concellos ou é mellor unha maioría capacitada, senón que, mesmo, podería aprobarse por unha Xunta de Goberno Local. E se estamos ante un mero paripé, como expusen no parágrafo anterior, non tería maiores consecuencias máis alá do propio absurdo, pero que pasaría se efectivamente o Concello lindeiro está disposto a fusionarse co incumpridor e polo tanto o proceso vai adiante?,

poderíase iniciar un expediente da envergadura, a transcendencia e a importancia como é unha fusión de Concellos co simple acordo dunha Xunta de Goberno Local?

Sinceramente insisto en que en toda esta materia non só existe un descoñecemento absoluto sobre ela dos redactores desta nova norma senón que se denota un auténtico desinterese por esta figura e o convencemento de que non vai ser algo frecuentemente empregado. O cal segue a condear a todos os microconcellos existentes neste país a seguir na súa condición de tal, e o máis grave, aos seus veciños a seguir privados duns servizos que doutra maneira terían garantidos e xeralizados para toda a poboación, así como desviándose do xeral proceder da maior parte dos nosos socios europeos, tal e como expoño brevemente no punto seguinte.

## 1.5 Breve comparativa con Europa

### 1.5.1 Reestruturacións feitas en Europa

Non pretendo facer aquí un tratado sobre o sistema local europeo senón que, para que se entenda mellor a nosa situación, o que intento é facer unha foto fixa da Administración Local con que contan os nosos socios europeos para comprobar que fixeron eles e que nos falta por facer a nós.

Para comezar a gran maioría de países de Europa acometeron as fusións dos seus Concellos na segunda metade do século XX, reducindo os seus entes locais en máis do 62% de media, aínda que nalgúns deles se superou ata o 80%, así:

- Alemaña fixo unha fonda reforma do seu mapa local entre 1960 e 1978, na entón República Federal, pasando de 24.371 municipios (dos que 10.760 tiñan menos de 500 habitantes) a 8.514, cunha poboación media de entre 5.000 e 6.000 habitantes.
- Dinamarca durante a década dos 70 reduciu a unha quinta parte o número dos seus municipios, pasando de 1.387 a 285, ningún con menos de 1.000 habitantes. E en 2007 reduciunos aínda máis, e polo tanto con maior poboación cada un, pasando aos 98 actuais.
- Grecia pasou en 1998 de 5.343 a 1.034 e despois, en 2010, en aplicación do «*Plan Kallikrates*», eliminou todos os de menos de 10.000 habitantes, reducíndoos a 325.
- Italia acordou a fusión das súas localidades con menos de 1.000 habitantes de maneira que case 2.000 Concellos (e ata 36 provincias) poderían desaparecer.
- Portugal acometeu unha drástica redución xa en 1836, pasando dos seus máis de 800 municipios a tan só 308, dos que só uns 40 teñen menos de 5.000 habitantes.
- Suecia iniciou o seu proceso de reforma do mundo local, constituído por 2.281 entidades, en 1952, continuando despois no decenio 1962-1973 para rematar nas actuais 286.
- Outros casos similares producíronse en Bélxica, que seguindo un procedemento de fusións obrigatorias pasou de 2.269 a 586 municipios; Holanda, que pasou de 1.014

Regap



MONOGRÁFICO  
A reforma local / a debate

a 647; Austria, de 3.999 a 2.301; Noruega, de 744 a 439; Bulgaria, de 2.178 a 255; Chequia, de 11.051 a 6.196; Islandia, de 7.200 a 76; ou Letonia, de 500 a 118.

- Mesmo o Reino Unido, mediante complexas reformas realizadas durante o bienio 1974-1975, pasou de 1.549 a 484 entidades locais.

Porén non todos os países europeos realizaron unha política activa de fusións de Concellos:

- Finlandia é o único dos países escandinavos que non optou por elas, mantendo uns municipios moi pequenos nos que a maioría dos servizos son prestados por organismos supramunicipais de carácter técnico, tipo mancomunidades, seguramente condicionado pola súa propia orografía, composta por unha multitude de pequenas illas e illotes. Recentemente estes organismos foron criticados pola duplicidade de custos administrativos que xeran, o que levou ao goberno finlandés a reconsiderar o modelo.
- Francia supón o exemplo de reforma fracasada. Conta con máis de 36.000 municipios e intentou a súa redución en 1971 pero sen moito éxito, consecuencia do carácter voluntario, aínda que incentivado, da Lei, tal e como recolle a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local. Porén reabriuse o debate no país veciño polas crecentes críticas a este sistema municipal tan fragmentado, propoñendo abrir o camiño cara as fusións, comezando polas rexións, que en dous meses e nun procedemento lóstrego pasaron de 22 a 14.

### 1.5.2 O caso español

En España podemos referenciar a orixe do municipalismo actual na Constitución de Cádiz de 1812, que configurou un réxime uniforme e xeral para todo o territorio nacional similar ao francés aínda que menos radical, xa que o artigo 310 estableceu que «*se pondrá Ayuntamiento en los pueblos que no lo tengan, y en que convenga le haya, no pudiendo dejar de haberlo en los que por sí o con su comarca lleguen a mil almas*». De aí naceron as dúas fórmulas existentes hoxe en día: a que liga o Concello coa existencia dun núcleo de poboación, sendo esta a máis estendida e xeral en todo o país, e a que o fai cun territorio, incluíndo baixo a súa xurisdición a todos os núcleos que estean dentro do mesmo, sendo os seus máximos expoñentes Galicia e Asturias.

Non se sabe a ciencia certa cantos Concellos xurdiron da Constitución de 1812, non realizándose o primeiro censo oficial que toma o municipio como unidade de información ata 1842, indicando a existencia entón de 11.271. Porén tres anos despois, como consecuencia da aplicación de Lei de Organización e Atribucións dos Concellos, de 8 de xaneiro de 1845, xa se extinguiron 1.916 municipios. E no Século XX, pola aplicación da Lei sobre Modificación Parcial do Réxime Local, de 23 de xullo de 1966, extinguíronse outros 1.247. En consecuencia, o número de municipios reduciuse en España desde mediados do século XIX ata mediados do XX en case un 30%, e mesmo se chegou ata os 8.022 en 1980, polo que está claro que as fusións non son alleas á nosa historia, todo o contrario, mesmo o proxecto de bases para a Lei Orgánica Municipal de 1906 incidía na obriga de acadar, xa entón, os 2.000 habitantes, establecendo a incorporación daqueles municipios que non tivesen esa poboación aos máis próximos e prohibindo a constitución de novas entidades locais por debaixo dese límite. E en 1960 a Dirección Xeral de Administración Local encomendou aos

Gobernadores Civís estudar posibles fusións e incorporacións. Porén é a partir da restauración democrática dos Concellos cando se invirte a tendencia, así a partir de 1980 prodúcese un progresivo aumento ata acadar a cifra dos 8.119 a día de hoxe, supoñendo un mapa municipal atomizado en palabras da propia Exposición de Motivos da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local.

## 1.6 Reflexión final sobre a fusión de Concellos

Este tema da fusión de Concellos non é novo agora, por mor da crise que estamos a padecer e das esixencias de Bruxelas de adelgazar o aparato da nosa Administración Pública. Xa en 1990 o Comité das Rexións da Unión Europea advertía nun informe, ao referirse á situación de España que: *"É responsabilidade primaria das Comunidades Autónomas a política de fomentar fusións ou agrupacións de municipios, ou mesmo reordenar coactivamente o mapa municipal; pero ata agora se limitaron a estimular timidamente a constitución de mancomunidades de asociación voluntaria"*.

Porén, como dixen ao principio, a nosa legislación viviu de costas á figura da fusión e séguese a facer malia a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, xa que, aínda que introduce incentivos porén o proceso segue a ser voluntario, o que decaerá loxicamente en ineficaz, por unha parte pola súa dilación no tempo e por outra porque as posibles unións que haxa serano por afinidade ou empatía e non por principios de ordenación e racionalización, sobre os cales tampouco introduce elemento ningún de fomento, senón que estes son tan só de carácter económico. Pero o colmo prodúcese precisamente con esta Lei, xa que durante 2013 deuse a primeira fusión nos últimos 32 anos, a dos Concellos de Cesuras e Oza dos Ríos, na provincia da Coruña, e porén non se vai ver beneficiada por ningunha das medidas contidas na nova norma porque ninguén se lembrou dela, cando, ao non atoparse definitivamente aprobada por estar recorridos os seus acordos de fusión ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, podería perfectamente terse previsto unha Disposición Transitoria que contemplase o dereito a obter eses beneficios a todas aquelas fusións de Concellos que, iniciadas, aínda non estivesen declaradas en firme, xa que só había unha.

## 2 Especial referencia a Galicia

Dun tempo a esta parte estamos asistindo á revitalización dun asunto antigo e latente como é a fusión de Concellos, e neste caso prodúcese como consecuencia da situación de crise económica que estamos a vivir e ante a necesidade imperiosa de aforro. E para iso estanse dando moitas ideas e acudindo a vellas fórmulas que, ao meu xuízo, xa foron superadas.

Baixo o paraugas que me dan os máis de 30 anos de experiencia como Secretario de Administración Local trato de achegar o meu grao de area a esta situación co que creo que podería ser o camiño que nos leve a esa fusión a través dun sistema non traumático, aínda que, evidentemente, tampouco voluntario, referido, no presente traballo, especificamente a Galicia.

A fusión de Concellos en Galicia pódese abordar desde dous puntos de vista. Un é o que se nos vén a todos á cabeza ao oír falar deste asunto como é a unión de dous ou máis

regap



MONOGRÁFICO  
A reforma local / a debate

Concellos para a formación dun novo de maior entidade pero hai outro punto de vista seguramente sorprendente e inadvertido como tal mesmo entre os políticos e profesionais da Administración Local como é a propia planta municipal galega onde desde cada Concello se administra unha pluralidade de entidades de poboación, funcionando na práctica como un Concello fusionado, pois disto e non doutra cousa é do que se trata.

Neste traballo voume referir a ambos os dous puntos de vista, comezando, precisamente, por este último.

## 2.1 Galicia, modelo de Concellos fusionados

En España hai dúas concepcións distintas de municipios: aquela máis estendida segundo a cal cada pobo ten o seu propio Concello, aínda que coas peculiaridades tamén correntes das chamadas pedanías, e aqueloutra propia de Galicia, e tamén de Asturias, na cal o que define o municipio é o seu territorio de forma que todas as unidades de poboación que entren dentro do mesmo termo municipal pertencerán a un único Concello.

Segundo o Instituto Nacional de Estadística, Galicia conta con 314 Concellos cunha media de poboación, quitando as 7 cidades para evitar as distorsións que xeran nos números finais, de 5.778 habitantes, moi por enriba dos 2.767 de media que ten España descontando as capitais de provincia e cidades de máis de 50.000 habitantes, mentres que a veciña Castela e León con 240.000 habitantes menos que Galicia conta con 2.249 Concellos cunha media, sen as cidades, de 627 habitantes cada un, precisamente por ser a maior expoñente do sistema dun pobo, un Concello, debendo salientar que non é en Galicia onde, por termo medio, se dan os Concellos máis pequenos, sendo a sexta Comunidade de España en habitantes por municipio.

